

ANEXO VI

Nº EXPDTE

DATA DE ENTRADA

INFORME TÉCNICO DA EXECUCIÓN DA ACCIÓN

CÓDIGO DA ACCIÓN ¹	NOME DA ENTIDADE EXECUTANTE
TÉCNICO CONTRATADO (APELIDOS E NOME)	
<input type="checkbox"/> TÉCNICO DE NIVEL INTERMEDIO EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS <input type="checkbox"/> TÉCNICO DE NIVEL SUPERIOR EN PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	

ÍNDICE

1.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN. 2.- FICHA DE EXECUCIÓN FINAL DA ACCIÓN. 3.- ASPECTOS XERAIS. 4.- ACCIÓN/S DESENVOLVIDA/S POLA PEME. 5.- ANEXOS.
--

DATA DE REALIZACIÓN DO INFORME	___/___/2005
--------------------------------	--------------

COPIA ASIGNADA A: DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS
--

APROBADO POR: Asdo.: o representante legal Data: ___/___/___	REVISADO POR (espazo reservado para a administración): Asdo.: _____ Data: ___/___/___
--	---

¹ O código aparece na resolución da axuda concedida.

Impreso de memoria descriptiva da actuación realizada
Orde _____

Páxina 1 de 5

Nº EXPDTE

DATA DE ENTRADA

1.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN			
1.1.- DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN			

C. TIPO DE ACTUACIÓN PEME			
<input type="checkbox"/> PEME.			
<input type="checkbox"/> INTEGRACIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NA XESTIÓN COTIÁ DA EMPRESA.			
<input type="checkbox"/> CONTRIBUCIÓN Á REDUCIÓN DA SINISTRALIDADE LABORAL DA EMPRESA.			
<input type="checkbox"/> REALIZACIÓN DE TRABALLOS ESPECÍFICOS:			
<input type="checkbox"/> ELABORACIÓN DE PLAN DE AUTOPROTECCIÓN/EMERXENCIAS.			
<input type="checkbox"/> ESTUDOS DE ADECUACIÓN DE EQUIPOS DE TRABAJO.			
<input type="checkbox"/> IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE XESTIÓN DE PRL.			
<input type="checkbox"/> REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS INTERNAS DOS SISTEMAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.			
<input type="checkbox"/> OUTROS (ESPECIFICAR: _____)			
1.3.- CARACTERÍSTICAS DOS DESTINATARIOS FINAIS DA ACTUACIÓN.			
Nº DE TRABALLADORES DA EMPRESA: _____			
ACTIVIDADE DA EMPRESA (DESCRIBIÓN E CNAE 93): _____			
SECTOR: _____			
1.4.- DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL DA ORGANIZACIÓN EXECUTANTE			
NOME	APELIDOS		
ENDEREZO			CÓDIGO POSTAL
CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

Impreso de memoria descriptiva da actuación realizada
Orde _____

Páxina 2 de 5

Nº EXPDTE
DATA DE ENTRADA

2.- FICHA DE EXECUCIÓN FINAL DA ACCIÓN

2.1.- DATA DE INICIO DA ACCIÓN ²: ___/___/___

2.2.- DATA DE REMATE DA ACCIÓN ³: ___/___/___

2.3.- SINÁLESE NA TÁBOA QUE SE XUNTA O CALENDARIO DEFINITIVO DOS CONTIDOS/FASES QUE COMPOÑEN A TOTALIDADE DA ACTUACIÓN (ORDENAR SECUENCIALMENTE E DESCRIBIR PARA CADA FASE O SEU CONTIDO ASÍ COMO O RESPONSABLE, A DURACIÓN E O PRODUTO/SUBPRODUTO OBTIDO COA MESMA)

CALENDARIO DO DESENVOLVEMENTO DOS CONTIDOS FASES QUE COMPOÑEN A ACTUACIÓN					
Nº FASE	DESCRICIÓN	RESPONSABLE/S	DATA DE INICIO	DATA DE REMATE	PRODUTOS / SUBPRODUTOS ⁴
1	_____	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____	_____
2	_____	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____	_____
3	_____	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____	_____
4	_____	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____	_____
5	_____	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____	_____
	_____	_____	_____	_____	_____

² A data de inicio do primeiro contido/fase debe coincidir coa data de inicio do contrato laboral do técnico en prevención de riscos laborais.

³ A data de remate do último contido/fase debe coincidir coa data de remate do contrato laboral do técnico en prevención de riscos laborais.

⁴ Dos produtos ou subprodutos obtidos deberá remitir dous exemplares dos mesmos.

Nº EXPDTE
DATA DE ENTRADA

3.- ASPECTOS XERAIS

3.1.- DESCRIBA OS RESULTADOS ACADADOS COA EXECUCIÓN DA ACCIÓN, ATENDENDO AOS CRITERIOS DOS OBXECTIVOS A ACADAR, DO COLECTIVO DESTINATARIO E DOS RESULTADOS ESPERADOS, DEFINIDOS TODOS ELES NA MEMORIA DESCRITIVA DA ACCIÓN A DESENVOLVER E QUE SE XUNTOU Á SOLICITUDE DA AXUDA

RESULTADOS DA EXECUCIÓN

3.2.- DESCRIBA, EN DETALLE, OS RESULTADOS DA AVALIACIÓN OU VALORACIÓN DO CONXUNTO DA ACTUACIÓN, TENDO EN CONTA A SÚA REPERCUSIÓN NO SISTEMA PREVENTIVO DA EMPRESA, NA REDUCIÓN DA SINISTRALIDADE E/OU NA MELLORA DAS CONDICIÓNIS DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DOS TRABALLADORES

RESULTADOS DA AVALIACIÓN

4.- ACCIÓN/S DESENVOLVIDA/S POLA PEME

4.1.- SINALE AS DISPOSICIÓNIS LEGAIS, REGULAMENTARIAS OU CONVENCIONAIS QUE PROMOVE A EXECUCIÓN DA ACCIÓN

DISPOSICIÓN TIPO E Nº	TÍTULO	DATA

Nº EXPDTE
FECHA DE ENTRADA

4.2.- SINALE A METODOLOXÍA EMPREGADA E A ACTUACIÓN REALIZADA, PARA EFECTOS DA RESOLUCIÓN DO PROBLEMA QUE IMPEDÍA A APLICACIÓN PRÁCTICA E MATERIAL DAS ACTUACIÓNS PREVENTIVAS NA EMPRESA

METODOLOXÍA

4.3.- SINALE AS ACCIÓNS PROPOSTAS DERIVADAS DO PROXECTO E ENCAMIÑADAS A ACADAR A APLICACIÓN PRÁCTICA E MATERIAL DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS:

- VIABILIDADE DAS MESMAS E,
- APLICACIÓN DAS ACTUACIÓNS PROPOSTAS, SE É O CASO

ACCIÓNS PROPOSTAS	VIABILIDADE	APLICACIÓN
1.- _____	_____	_____
2.- _____	_____	_____
3.- _____	_____	_____
4.- _____	_____	_____
5.- _____	_____	_____
6.- _____	_____	_____
7.- _____	_____	_____
8.- _____	_____	_____
9.- _____	_____	_____
10.- _____	_____	_____

5.- ANEXOS (DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTARÁ A ESTE INFORME)

- A.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA:
 - a. RECIBOS DOS SOLDOS E SALARIOS ASÍ COMO DOS BOLETÍNS DE COTIZACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL DO TÉCNICO CONTRATADO, CORRESPONDENTE AO PERÍODO SUBVENCIONADO.
 - b. XUSTIFICANTES DOS PAGAMENTOS REALIZADOS EN CONCEPTO DE NÓMINAS E SEGUROS SOCIAIS REFERIDOS AO TÉCNICO CONTRATADO.
- B. DOCUMENTACIÓN TÉCNICA:
 - c. XUNTARASE A ESTE INFORME POR DUPLICADO EXEMPLAR, A DOCUMENTACIÓN TÉCNICA RESULTANTE DA ACTUACIÓN REALIZADA: ESTUDOS, INFORMES PUBLICACIÓNS, ETC.

Resolución do 8 de marzo de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Geseco, S.A. (limpeza viaria e recollida RSU de Gondomar).

Visto o texto do convenio colectivo da empresa *Geseco, S.A.* (limpeza viaria e recollida RSU de Gondomar), con número de código 3603761, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 18-2-2005, subscrito en representación da parte económica pola representación da empresa, e da parte social, polo delegado de persoal, en data 14-2-2005. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 8 de marzo de 2005.

Joaquín Macías Sánchez
Delegado provincial de Pontevedra

Convenio colectivo para o persoal do servizo de limpeza viaria e recollida de residuos sólidos do concello de Gondomar
Ano 2004-2005

Capítulo I
Normas xerais

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

Este convenio colectivo aplicarase a todos/as os/as traballadores/as do servizo de limpeza viaria e recollida de residuos sólidos do concello de Gondomar, que a empresa *Gestión de Servicios y Conservación, Geseco, S.A.*, actual contratista, ou a empresa que a poida substituír ten concertado co Concello de Gondomar.

Artigo 2º.-Duración e vixencia.

1. A duración do convenio será de dous anos e estenderase desde o 1 de xaneiro de 2004 ata o 31 de decembro de 2005.

2. Porén, seguirase aplicando ata a sinatura do novo convenio que o substitúa.

3. Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura. As condicións económicas terán a súa vixencia a partir do 1 de xaneiro de 2004.

Artigo 3º.-Denuncia.

A denuncia deste convenio deberá facerse por escrito e con dous meses de antelación á data do vencemento fixado ou de calquera das súas prórrogas.

Artigo 4º.-Condicións máis beneficiosas.

Calquera mellora que viñesen gozando os traballadores/as superior ao aquí pactado, garantirase estritamente *ad personam*.

Artigo 5º.-Absorción e compensación.

As condicións económicas establecidas neste convenio compensarán e absorberán todas as existentes no momento da súa entrada en vigor, calquera que sexa a natureza e orixe.

Os aumentos de retribucións que puidesen producirse no futuro por disposicións legais só poderán afectar o pactado se, considerados en cómputo anual global, superasen as aquí pactadas. No caso contrario serán absorbidas e compensadas por estas.

Artigo 6º.-Cláusula de remisión.

Será de inmediata aplicación o convenio colectivo xeral do sector de limpeza pública, viaria, regas, recollida, tratamento e eliminación de residuos e limpeza e conservación de sumidoiros ou, se é o caso, o que o substitúa, en todo o aquí non pactado, ou que, estándoo, sexa máis beneficioso para o traballador realizando unha comparación global e non conceptual.

Artigo 7º.-Comisión mixta paritaria.

Como órgano de interpretación, vixilancia e solución de conflitos sobre o pactado neste convenio colectivo, créase unha comisión mixta paritaria integrada polo representante legal da empresa e os representantes legais dos traballadores. Ambas as dúas partes poderán contar con asesores.

1. Reuniranse por instancia da parte, cantas veces sexa necesario, debendo celebrar a reunión dentro das 48 horas seguintes á convocatoria.

2. As súas funcións serán as seguintes:

a) Interpretación da totalidade das cláusulas deste convenio.

b) Vixilancia e cumprimento do pactado.